



**51
PÁXINAS
DAS NOSAS
LETRAS**



⁴51
PÁXINAS
DAS NOSAS
LETRAS

Limiar

O Parlamento de Galicia volve a mirada cara ao tesouro inmaterial do Día das Letras Galegas cando se cumpre medio século da súa instauración, en 1963, grazas á iniciativa de Francisco Fernández del Riego, do que estamos a celebrar o seu centenario. Transcorrido este tempo, a celebración supón unha oportunidade senlleira para realizarmos unha reflexión sobre o camiño andado nos últimos cincuenta anos en Galicia e para renovarmos, á luz da bagaxe adquirida, a obriga de traballar pola nosa terra.

Certo é que Galicia ten unha canteira inesgotable de bens materiais e inmateriais, entre os que o seu Parlamento constituíu un soño utópico durante moito tempo, pero que hoxe congrega a suma de esforzos e vontades dos galegos e galegas para construír o noso futuro. E, neste sentido, o Día das Letras Galegas, que a Real Academia vén celebrando cada 17 de maio, é a expresión máis especificamente cultural da nosa comunidade.

Desde a Xunta de Galicia entendemos, pois, esta data como un elemento fundamental da nosa identidade. Aberta aos grandes intercambios do tempo actual, o Día das Letras sitúa ante nós mesmos, no plano que lle corresponde, o valor da nosa expresión literaria e, canda este, o da nosa presenza, coa nosa propia personalidade.

Despois de cincuenta anos de celebracións e conmemoracións institucionais, o Parlamento de Galicia súmase a esta efeméride coa montaxe dunha exposición que ten como motivos ilustradores centrais as medallas que deseñaron e elaboraron o debuxante Siro López e o escultor Manuel Ferreiro por encargo do propio Parlamento, así como a colaboración escrita de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega.

Unha exposición que percorrerá toda Galicia durante case un ano coa finalidade de que as galegas e os galegos teñan a ocasión de visitala nos lugares que habitan.

Creo, sinceramente, que moitas veces non fomos conscientes da transcendencia social desta celebración, que ano a ano nos convoca para dirixir a mirada cara ao compromiso da nosa sociedade coa lingua e a cultura. Con esta mostra pretendemos dar un paso máis no convencemento de que o Día das Letras Galegas posúe un valor extraordinario, centrado nun autor ou autora de prestixio, no que se reflicte o esencial do noso xeito de ver o mundo.

E facémolo rendéndolle homenaxe aos homes e mulleres aos que lles correspondeu plasmar en palabras os sentimentos de millóns de persoas, de centos de anos, para construíren unha literatura propia, rica, na que cada cidadán galego poida recoñecer a súa paisaxe, a súa arte, o seu pensamento e todas as facetas da súa evolución conxunta.

Vaian, pois, os meus parabéns para o Parlamento de Galicia e para todas aquelas persoas que, dun xeito ou doutro, participaron no deseño, montaxe e posta en marcha desta exposición conmemorativa que nos permitirá lembrar e recoñecer o legado que ten suposto a celebración do Día das Letras Galegas nos últimos cincuenta anos

Alberto Núñez Feijóo

Presidente Xunta de Galicia

Presentación

Para o Parlamento de Galicia, conmemorar o 50 aniversario da instauración do Día das Letras Galegas é unha obriga, pero tamén unha honra que nos enche de satisfacción.

Nada de canto acontece ao seu carón resulta alleo á casa de todos os galegos e galegas. Por iso cobra especial significación esta mostra, humilde na forma pero grandiosa no fondo, construída a partir das *Medallas das Letras Galegas*, obra do caricaturista Siro López e do escultor Manuel Ferreiro Badía, e que o Parlamento de Galicia alberga na súa sede.

Con esta mostra homenaxeamos os escritores e escritoras aos que se rendeu tributo durante o último medio século, pero queremos tamén, e sobre todo, reivindicar e poñer en valor a lingua -rica, viva, inmortal- que eles cultivaron de xeito maxistral.

Agradézzolles aos autores das medallas a idea de organizar esta mostra, e recoñezo a colaboración brindada pola Real Academia Galega e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para articular este proxecto expositivo, aberto a cantos o queiran acoller nas súas sedes.

Pilar Rojo Noguera

Presidenta do Parlamento de Galicia

No principio, as palabras; quizais a Palabra

1

Cómpre iniciar esta presentación cun vello e celebérrimo versículo, o primeiro do *Evanxeo* de Xoán: “En árghe en o Logos” Ἐν ἀρχῇ ἦν ὁ Λόγος. Na Vulgata, o seu egrexio tradutor ofrécenolo nun latín que aínda nos é asequible: *In principio erat Verbum*. Os vellos libros sagros de culturas moi importantes debrúzanse sobre a maxia e o poder da Palabra, poñendo o acento no seu lume creativo ou, como intuíu Valle-Inclán, nunha páxina memorable, no *logos espermático*. Así acontece na antiquísima obra da Literatura Sánscrita, o *Rig Veda*, tal como subliñou don Ángel Amor Ruibal, ilustre teólogo e eminente filólogo, o primeiro sanscritista galego.

Sempre que nos asomamos á vizosa fraga das máis coñecidas linguas fundantes, as clásicas, por exemplo, temos a tentación de escribir con maiúsculas o termo que se refire á PALABRA: LOGOS, na lingua de Homero, Platón e Demóstenes, e VERBUM, na de Virxilio, Cicerón e Prisciliano, que é a lingua á que o sabio Xerome traduciu o *Evanxeo* atribuído a Xoán: o autor, por conseguinte, da incitante formulación *In principio erat VERBUM*.

2

A PALABRA tamén está na semente e nos alicerces da creación dese universo cultural que chamamos nación galega: a *natio galaica* á que aludía, nun celeberrimo telegrama de 1913, o escritor sueco Goran Bjormann (*Vivat, floreat natio galaica*).

En efecto, a mediados do século XIX, espíritos moi atentos ás novas inqúedanzas repararon nas palabras da inmensa maioría da xente de Galicia, e, polo feito de utilizárenas literariamente, transmitíronnos, acotío con metáforas, unha concepción nova do país e, dalgún xeito, unha lección e un compromiso. Deuse a circunstancia, ventureira e case milagrosa, de que, entre as voces convocantes daquel tempo xerminal, unha delas, a máis excelsa, chamábase Rosalía de Castro. Era a Rosalía que levaba *na frente unha estrela e no bico un cantar*, que así a definiu Curros Enríquez, ás veces poeta non menos grandioso. Cantou Ela, cantou a Cotovía, e xa todo foi distinto. Os lectores e as lectoras de Galicia comezaron a percibir que a linguaxe era “a casa do ser”, dito sexa coa formulación que ideou bastante despois o filósofo alemán Martín Heidegger (“Die Sprache ist das Haus des Seins”).

3

Tamén o gran Curros Enríquez levaba no seu atormentado corazón a estrela da Xustiza, que defendeu co poderoso brazo do seu verso e coa quixotesca espada dos seus cantos. Musa civil impar na Europa do XIX, foi o Gladiador.

Entre a Cantora e o Gladiador é de elemental xustiza situar e gabar os versos de Valentín Lamas Carvajal, o poeta ourensán cego pero non xordo á epopea anónima, diaria e milenaria das sufridas xentes do agro.

Viría, algo despois, Eduardo Pondal, o Bardo, que cantaba desde o fondo orixinario da historia e da poesía, e que, en ocasións, deixounos nobres acentos sobre “o rudo encono” das inxurias.

Velaquí, pois, a canción de Rosalía, a de Lamas, a de Curros e a de Pondal: tetragrama para entendermos, no esencial, o mapa dunha nación cultural que se constituía desde un idioma daquela só normal na voz dos que, en Galicia, sufrían a historia, unha historia case sempre contada na lingua das clases non subalternas.

Ó utilizaren este idioma literariamente, mentres convertían en civil un idioma considerado servil, eses pioneiros emitían dous acenos que os contemporáneos non podían non entender: que a literatura galega estíbese a constituír vencellada intimamente á problemática da nación sociolóxica das clases subalternas e que os seus cultivadores estaban a contraer un compromiso moral con esas clases sociais.

Curros Enríquez, que foi o máis explícito, consideraba, na súa gabanza da lingua galega, que esta tiña como timbre de gloria ser a *fala en que os parias /.../ piden á terra o grau da cor da sangue...*

Cõmpre sinalar, porén, sen deixar de poñer o acento nestes catro ilustres nomes, que houbo dúas voces precursoras: a de Francisco Añón, vate infortunado e transterrado, e a de Xoán Manuel Pintos, xurista e latinista pontevedrés. Trátase do Añón que, en 1861,

interpelaba a Galicia para que despertara do seu sono, e do Pintos que, xa en 1853 inventou heteronimicamente un Gaiteiro que só muiñeiras reivindicativas sabía repenicar.

4

Este era o noso -e pundonoroso- mapa poético construído antes de 1900. O que veu logo, xa no século XX, é a consolidación e o enriquecemento dese mapa, daquelas palabras case sagras, pois foron palabras fundantes, constituíntes. Iniciábase, de cheo, un discurso literario construído e emitido, case sempre, dentro das pexas e das adversidades do acontecer político e administrativo. O mapa, esencialmente poético antes de 1900, ábrese agora á prosa dos narradores, ó ensaio literario e filosófico, ó xornalismo, ó teatro, ás páxinas formuladas noutros idiomas, á reflexión histórica e política...

Antes da Guerra Civil enriquecen o noso discurso nomes aínda hoxe moi admirados: a potente lira de bronce de Ramón Cabanillas; a voz poderosa e oceánica de don Ramón Otero Pedrayo; o dicir reflexionador, sentidor e sempre artístico de Castelaio; o acento profesoral do pensador Xoán Vicente Viqueira; a pluma atenta a sutís latexos de espiritualidade cos que Vicente Risco construíu páxinas antolóxicas antes de 1936; o ousado espírito vangardista do poeta Manuel Antonio, e a intelixente voz cívica de Roberto Blanco Torres, tanto no verso como na prosa, verdadeiramente clásica, das súas colaboracións xornalísticas. Aquela honrada e iluminadora voz foi abafada no tráxico verán de 1936. Habería que mencionar outros nomes, entre eles, o do poeta Eladio Rodríguez González, obreiro maior no eido da nosa Lexicografía.

O que veu despois foi a Guerra dos Tres Anos, unha gravísima fractura para o noso discurso literario, que non chegou a ser total. Non todo pereceu no infortunio. Dalgún xeito, reproduciuse a situación cultural do tempo de Rosalía. En Galicia, arredor de 1950, o Guadiana, afundido en 1936, emerxía de novo, reemerxía. Era, máis unha vez, a hora da Palabra, das palabras: das palabras refundantes. De novo esas palabras eran, como en 1863, as palabras dos pobres do mundo, as palabras das xentes que padecían a historia, pero tamén palabras perseguidas, feridas ou aldraxadas cando alguén optaba por ser escritor no código lingüístico das clases subalternas de Galicia, que xa era, nesta altura, un código dunha nobre, valiosa e plural tradición literaria.

5

O ano 1963 foi un ano no que as palabras protagonizaron aconteceres xa inscritos para sempre na historia universal da Palabra. Era o ano no que se cumprían cen da publicación de *Cantares gallegos*, o libro auroral de Rosalía de Castro. Os letraferidos do país percibiron a orixinalidade, o significado e a transcendencia daquela alborada, e trataron, na medida tolerada pola situación política, de explicar axeitadamente aquel feito literario fundacional. En Lugo, un grupo de patriotas das palabras idearon e montaron unha Mostra Bibliográfica significativamente titulada *Cen anos de Literatura Galega*. Era, alén do primeiro inventario das nosas palabras literarias, unha reflexión na que se tiñan en conta xéneros, modalidades, xeografías, circunstancias e ideoloxías das palabras vernáculas ó longo deses cen anos, tal como se recolle no catálogo homónimo de 1964. Tamén se perciben nel os silencios impostos.

O suceso máis relevante de 1963 aconteceu na primavera, xusto o 28 de abril, data na que Francisco Fernández del Riego, nunha sesión ordinaria da Academia, asistido eficazmente polas musas da invención, propuxo a creación do Día das Letras Galegas, invento máximo da nosa cultura. A autoridade política, un pouco allea a algunhas das potencialidades da invención, referendouna oficialmente. Protagonizou a primeira edición do fértil invento, o 17 de maio, Rosalía de Castro, aquela poeta que corroborou, neste fisterre atlántico, a afirmación evanxélica: *In principio erat VERBUM*. É a Rosalía a quen García Lorca, en 1935, lle asignara unha misión auroral:

Érguete, miña amiga, que xa cantan os galos do día.

Foron homenaxeados, despois de 1963, nomes preclaros das nosas Letras, algúns que era imposible definir “coram populo”, na súa totalidade, naqueles anos, aínda es curos e duros. É o caso de Castelao, protagonista da segunda edición do Día das Letras Galegas, en 1964, e o de Curros Enríquez, protagonista da quinta, en 1967. Pero o Día, Festa Maior das nosas Letras, xa se celebraba extramuros de Galicia, en lugares cun réxime político compatible coa liberdade de expresión. De feito, de Curros falouse en París, ademais de Buenos Aires, Caracas e Nova York.

En 1977, aínda mornas as cinzas do Tirano, o nome de Antón Villar Ponte foi celebrado, “coram populo”, con poucas pexas, que desapareceron nos anos en que estudiosos e apoloxistas se debuzaron sobre nomes pródigos en actitudes e palabras que os censores anteriores a 1977 xulgarían, non sen razón, subversivas. Abonde con reparar na musa radicalmente anticlerical de Manuel Leiras Pulpeiro (1983), ou nos postulados marxistas de Celso Emilio Ferreiro (1989), de Luis Seoane (1994) e de Lorenzo Varela (2005),

e tamén na prosa de Eduardo Blanco Amor (1993), o autor *d'A Esmorga*, esa alfaia da narrativa europea que cómpre explicar desde noicións sexuais aínda hoxe nefandas para non poucos. O Día das Letras tamén homenaxeou a escritores republicanos de nobre e preclara obra cuxa vida fora truncada á brava no 36: Roberto Blanco Torres (1999).

6

Cincuenta e unha son as personalidades literarias homenaxeadas de 1963 a 2013, de Rosalía a Roberto Vidal Bolaño, trece antes da morte de Franco (1975) e trinta e oito despois. Exigua, moi exigua, ten sido a presenza da muller, das escritoras, pois moi pequena ten sido a súa presenza no noso acontecer literario, o que non deixa de ser un paradoxo nunha literatura fundada por unha poderosa e rica voz feminina.

Urxe aclarar que, desde hai varias décadas, as escritoras, en número non pequeno, constrúen universos literarios de especial relevancia. De Luz Pozo, María Xosé Queizán, Xohana Torres e Fina Casalderrey a unha pléiade espléndida de escritoras moi novas, a muller ten sido esencial no enriquecemento do noso discurso literario. Desas voces, algunhas moi valiosas, xa se apagaron: Pura Vázquez, María Victoria Moreno...

7

Hoxe o Parlamento de Galicia ofrécenos, sobre o Día das Letras Galegas (xa medio século), unha Mostra singular: a efixie dos cincuenta e un protagonistas, cada unha delas inscrita nunha medalla artisticamente elaborada. Mostra singular, sen dúbida, que será

valiosa para escolares e curiosos pero tamén para historiadores e eruditos. O Parlamento, con excelente criterio pedagóxico, solicitou da Real Academia Galega os textos que, á beira de cada medalla, explican, ben que moi brevemente, a vida e a obra dos escritores e das escritoras que protagonizaron o DÍA. Estes textos foron redactados por académicos e académicas, no ano 2012, para o libro que a institución publicou co título Todas as letras do Día das Letras Galegas. (Houbo, loxicamente, que engadir a bio-bibliografía de Roberto Vidal Bolaño).


Así pois, o noso Parlamento, fiel á etimoloxía do termo -o lugar onde se traballa coas palabras- cita nun dos seus salóns nobres a cincuenta e unha personalidades que fixeron da palabra a súa ocupación e a súa paixón. Estas cincuenta e unha personalidades literarias, que escribiron entre 1863 e 2002, están presentes, dalgún xeito, nas palabras dos parlamentarios e das parlamentarias de Galicia cando nos seus discursos abordan cuestións que no seu día, tantas veces con pluma de ouro, abordaron, entre outros, Rosalía, Curros, Lamas, Viqueira, Pintos, Leiras, Cabanillas, Otero Pedrayo, Pimentel, Cunqueiro, Seoane, Dieste, Blanco Torres, Blanco Amor, Lugrís Freire, Fole, Lorenzo Varela, Ramón Piñeiro e Vidal Bolaño.

Temos a sorte de que dous grandes artistas moi vencellados ás mellores raíces da cultura galega ideasen e realizasen as efixies das personalidades que protagonizaron, de 1963 a hoxe, o Día das Letras Galegas, Festa maior da nosa cultura (repárese no feito de que o Día Grande do noso país só está rexistrado no santoral da Palabra). Sobre un debuxo de Siro, o escultor e medallista Manuel Ferreiro Badía constrúe a efixie das nosas personalidades literarias. Beizón para os dous!

Hoxe ábrese a Mostra dos protagonistas, en Galicia, da palabra, e faise no Parlamento, que, nesta ocasión, non esquece a etimoloxía, pois o Parlamento é o lugar da Palabra e debería ser o seu templo.

Xesús Alonso Montero

Presidente da Real Academia Galega



51
PÁXINAS
DAS NOSAS
LETRAS

ROSALÍA DE CASTRO

(Santiago de Compostela, 1837 - Padrón, 1885)

Por Luz Pozo Garza. Académica numeraria

Experiencia da análise da Negra Sombra na clase de Literatura Española de bacharelato. Estímulo inicial: lectura e versión do relevante poema, centro de interese. Obxectivos xerais, xerar a indagación crítica, capacidade de razoamento e creatividade. Obxectivos próximos, relacionar dúas linguas neolatinas peninsulares –tan irmandadas– nun texto emblemático. Analizamos semellanzas e diferenzas fonolóxicas, morfosintácticas e lexicosemánticas.

Foi un exercicio de intensa rendibilidade na concienciación de ambas as linguas. O texto como obxectivo artístico levounos ao estudo do símbolo, base da súa interpretación no nivel pragmático. Os 29 alumnos propuxeron posibles aclaracións ao respecto. Decidiron “ler a obra poética completa” (¡!).

Foi no Instituto de Nigrán: unha aperta para aqueles rapaces!

OBRAS ESCOLLIDAS

Cantares Gallegos, 1863.

Follas novas, 1880.



Días das Letras Galegas 1963

A. DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

(Rianxo, 1886 – Buenos Aires, 1950)

Por Xosé Neira Vilas. Académico numerario

Arelaba o mellor para o seu país e para o seu pobo. Di Xusto Beramendi que había nel tres elementos concordantes: “a liberación nacional de Galicia, a emancipación social das súas clases traballadoras e a democracia política”.

Castelao dixo, sobre *Sempre en Galiza*: “Exáltase a miña personalidade artística co piadoso fin de desvalorizar a miña ideoloxía política. Eu non fun nunca un político profesional. A política non é a miña profesión pero si a miña vocación. Quero ser o intérprete fiel do meu pobo, das súas dores e esperanzas. Escribín e debuxei sempre en galego, e se sacades o que hai de galego e de humano na miña obra, non quedaría nada dela”.

OBRAS ESCOLLIDAS

Un ollo de vidro: memorias d'un esqueleto, 1922.

Cousas, 1926.

Sempre en Galiza, 1944.

As cruces de pedra na Galiza, 1949.



Días das Letras Galegas **1964**

EDUARDO PONDAL

(Ponteceso, 1835 – A Coruña, 1917)

Por X. L. Méndez Ferrín. Académico numerario

Pondal foi un nacionalista que soñou unha federación de todas as patrias de Iberia, sen esquecer Portugal. Procurou unha lingua galega nova e tomou como base o seu dialecto natal de Bergantiños, ao que incorporou cultismos de orixe latina e grega e tamén italianismos. Pensaba Pondal que Curros e mais el foran os que conseguiran facer da nosa unha lingua forte e robusta. A súa poesía supera todos os moldes propios do século XIX, despréndese do realismo e do sentimentalismo de tradición romántica na procura de mundos ideais, entre os que destaca o universo céltico de Breogán. Na mente e no sentimento da maioría dos galegos, Pondal, xunto con Rosalía e Curros, está entre as figuras fundacionais e principais da literatura galega contemporánea. Eu tamén o penso.

OBRAS ESCOLLIDAS

A campana d'Anllóns, 1895.

Queixumes dos pinos, 1886.

O Dolmen de Dombate, 1895.

Os Eoas, 2005 [edición de Manuel Ferreiro].



Días das Letras Galegas 1965

FRANCISCO AÑÓN PAZ

(Boel, Outes, 1812 – Madrid, 1878)

Por Ana Isabel Boullón Agrelo. Académica correspondente

Autor de escasa produción literaria (uns 50 poemas), Galicia é para el motivo recorrente, patria da infancia e terra desexada (“¡Ai!, esperta, adorada Galicia, / Dese sono en que estás debuzada”), con descrición de tipos e costumes populares, e poemas de circunstancias dedicados a familiares e amigos, a miúdo cunha aguda vea irónica e ata autoparódica (“Fraco como un asubío / con tres inimigos loito, / enfermédá, fame e frío, / e da miña vida o fío / vaise adelgazando moito”). Considerado como un dos precursores do noso Rexurdimento, Curros Enríquez, que compartía con el as súas ideas progresistas, anticlericais e de defensa de Galicia, converterao no seu guía e conselleiro n’*O divino sainete*.

OBRAS ESCOLLIDAS

Poesías Galegas, 1928.

Vida e obra de Francisco Añón, 1991 [edición de Bel Ortega].



Días das Letras Galegas 1966

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

(Celanova, 1851 – A Habana, 1908)

Por Xesús Alonso Montero. Académico numerario

Poeta civil, que, quizais, non tivo par entre os escritores europeos do XIX. Xa na “Introdución” do seu primeiro libro proclama: “falareilles da patria ós desterrados, / de libertade e redención ós servos”.

Parece que, para Curros, a principal eiva do seu tempo era o comportamento, pouco cristián, da Igrexa católica, e contra ese comportamento ergueu a espada afiada dos seus cantos.

Cómpre aclarar que Curros foi un poeta plural (costumista, mariánico, intimista...), con poemas excelsos nestes xéneros. Foi, nos inicios do Rexurdimento, unha voz libre, poderosa, rica en temas e rexistros e unha conciencia crítica sorprendente. Fose cal fose o tema, o galego de Curros asombrou a todos pola súa riqueza, expresividade e enxebreza.

OBRAS ESCOLLIDAS

Aires da miña terra, 1880.

O divino sainete, 1888.



Días das Letras Galegas 1967

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS

(Ourense, 1886 – 1958)

Por Carlos García Martínez. Académico correspondente

Prehistoriador, etnógrafo, escritor; foi membro senlleiro da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos.

Indagou as orixes da formación histórica de Galicia. É referente na investigación do noso pasado remoto e na definición da nosa identidade como pobo diferenciado. Sentou as bases científicas do estudo da prehistoria, sistematizou as secuencias culturais de xenuína natureza, e profundou na análise da nosa etnoxénese. As súas publicacións, de rigorosos contidos, puxeron a prehistoria de Galicia no contexto europeo.

Escritor fino, de estilo áxil, claro e de léxico ricaz, o compromiso co país transcende ás súas didácticas prosas literarias.

A subliñar o seu exemplo no uso do galego como lingua válida para a ciencia e o ensaio.

OBRAS ESCOLLIDAS

Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza, 1929 [xunto con F. Bouza Brey].

Parroquia de Velle, 1951.

Prosas Galegas, 1962.



Días das Letras Galegas 1968

ANTONIO NORIEGA VARELA

(Modoñedo, 1869 – Viveiro, 1947)

Por Xosé Henrique Monteagudo Romero. Académico numerario

Antonio Noriega Varela exerceu como mestre nas serranías de Ourense (Trasalba) e Lugo (Vilarente). “Poeta da montaña”, a súa inspiración arrinca do costumismo de fins do século XIX (Lamas Carvajal, Leiras Pulpeiro), pero evoluciona cara a un modernismo moi en sintonía co saudosismo portugués (Teixeira de Pascoaes), caracterizado polo rigor formal, a exaltación de vida sinxela a carón da terra e o sentimento relixioso vencellado á natureza.

OBRAS ESCOLLIDAS

Montañesa, 1904.

A Virxen e a paisanaxe, 1914.

Do ermo, 1920.

Como falan os brañegos, 1929.



Días das Letras Galegas 1969

MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

(Vilancosta- Berres, 1821 - 1903)

Por Antón Santamarina Fernández. Académico numerario

Valladares é o fundador da prosa literaria galega coa súa novela *Majina ou a filla espúrea* (1880). É tamén autor das primeiras colleitas de contos, cantigas e melodías de tradición oral. Pero a súa memoria perdurou principalmente porque é autor do dicionario máis completo do século XIX: o *Diccionario gallego-castellano*; completouno uns anos despois cunha gramática que quedou inédita. A intención de Valladares non era só a de recoller folclore, léxico e regras gramaticais, senón a de concienciar os seus compatriotas do valor do seu patrimonio cultural, e darlles ferramentas coas que mellorar o seu “dialecto”, que era un idioma rico e regrado.

OBRAS ESCOLLIDAS

Majina ou a filla espúrea, 1880.

Diccionario gallego-castellano, 1884.



Días das Letras Galegas 1970

GONZALO LÓPEZ ABENTE

(Muxía, 1878 – 1963)

Por Xosé María Lema Suárez. Académico correspondente

É un dos nosos grandes poetas do mar; o seu é o mar da Costa da Morte, decote inquedo. Tamén foi narrador e dramaturgo. O seu compromiso coa lingua galega sempre foi claro; en 1921 escribe: “Ao falar deste meu vello e querido pobo, coido que sería ridículo facelo noutra fala que non fose a mesma del, a que decote lle serviu para as súas necesidades”. Vinculouse aos sucesivos movementos a prol do idioma e do galeguismo, como as Irmandades da Fala (1916) ou o Seminario de Estudos Galegos (1923); en 1936 fixo campaña polo Estatuto de Galicia, polo cal sería depurado no franquismo, perdendo o emprego.

En 1941 ingresou na Real Academia Galega como académico de número.

OBRAS ESCOLLIDAS

Escumas da ribeira, 1911.

D'Outono, 1924.

Nemancos, 1929.

Váosiveiro, 1929.



Días das Letras Galegas **1971**

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

(Ourense, 1849 – 1906)

Por Víctor Fernández Freixanes. Académico numerario

Lamas Carvajal é una das grandes figuras do Rexurdimento do século XIX, xunto con Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Poeta, excelente prosista, intelixente observador da realidade, editor, polemista..., pero sobre todo xornalista.

O catecismo do labrego (1888), publicado por entregas nas páxinas de *O tío Marcos da Portela* (1876-1890), constitúe un dos fitos da nosa literatura popular. Nunha sociedade que dificilmente sabía ler, moito menos no seu propio idioma, abafada na escravitude da terra (a república dos galegos) e apenas sen guieiros sobre os que se referenciar, as páxinas do *Catecismo* constitúen una mostra do xornalismo máis eficaz, luminoso, crítico e intelixente que coñezo.

OBRAS ESCOLLIDAS

Espiñas, follas e frores, 1875.

Catecismo da doutrina labrega, 1889.

A musa das aldeas. Colección de versos gallegos, 1890.



Días das Letras Galegas 1972

MANUEL LAGO GONZÁLEZ

(Tui, 1865 – Santiago, 1925)

Por Andrés Torres Queiruga. Académico numerario

Manuel Lago González foi profesor, bispo en distintos lugares e finalmente arcebispo de Santiago. Durou menos dun ano, pero conmoveu a toda Galicia. Coñeceu a Amor Ruibal e Castelao e chamou a xuntar a relixión co amor a Galicia: “amando a Galicia amaremos a Deus e seremos profundamente relixiosos”. Morreu pobre e a súa biblioteca está na Universidade. E como mensaxe final deixou unha encomenda preciosa: “Deus o quere. Fágase a súa vontade ¡Hai que unirse! ¡Hai que defender Galicia!”. Unirse para nos sentirmos irmáns. Defender Galicia para facer avanzar a nosa terra.

OBRAS ESCOLLIDAS

“Elogio de la lengua gallega”, 1905.

“La universidad de Jesucristo”, 1924.

Lago González. Biografía y selección de su obra gallega, 1967 [edición de X. Filgueira Valverde].



Días das Letras Galegas 1973

XOÁN VICENTE VIQUEIRA

(Madrid, 1886 – San Fiz de Vixoi, Bergondo, 1924)

Por Francisco Cerviño González. Académico correspondente

Xoán Vicente Viqueira ocupa na historia da cultura galega un lugar moi singular.

Catedrático de Filosofía, a súa singularidade procede da súa ligazón coa Institución Libre de Enseñanza, e dos seus estudos en universidades europeas durante catro anos.

Viqueira é un europeísta que ten unha visión universal da cultura, e dentro dela do papel que lle corresponde a Galicia como creadora de formas particulares da cultura universal. Cría que isto só se pode achegar dende a autenticidade da alma, e a alma de Galicia é a lingua galega (“alma nosa eres ti, lingua”).

A súa prematura morte aos 37 anos privou a Galicia dunha persoa que tería xogado un papel esencial na concepción europeísta e cosmopolita, moderna e progresista da nosa cultura.

OBRAS ESCOLLIDAS

Introducción a la Psicología pedagógica, 1919.

Elementos de Ética, 1919.

Ensayos y Poesías, 1930.



Días das Letras Galegas 1974

XOÁN MANUEL PINTOS VILLAR

(Pontevedra, 1811 – Vigo, 1876)

Por Xosé Henrique Costas González. Académico correspondente

Pintos é a figura máis sobranceira entre os precursores do Rexurdimento. O seu libro *A gaita gallega* (1853) foi o primeiro publicado en galego moderno.

A súa obra completa é dunha significación poliédrica: literaria, lingüística, sociolingüística, filolóxica, léxica, pedagóxica etc., e sobresa pola súa calidade, cantidade e tendencia monolingüe en galego insólita no seu tempo.

Pintos ten tanta importancia na historia da lingua coma na da literatura galegas. Como digno sucesor de Sarmiento, a quen seguiu no seu labor literario, reivindicativo e lexicográfico, Pintos é a pedra fundacional do noso Rexurdimento, tanto pola súa excepcional e variada obra lingüística e literaria coma, sobre todo, por unha defensa rexa e moi vixente do uso social e literario da lingua galega.

OBRAS ESCOLLIDAS

A gaita gallega, 1853.

Vocabulario gallego-castellano, 2000 [edición de M. Neira e X.Riveiro].

Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos, 2006

[edición de M. C. Ríos Panisse].



Días das Letras Galegas 1975

RAMÓN CABANILLAS

(Cambados, 1876 – 1959)

Por Francisco Fernández Rei. Académico numerario

Entre 1915 e 1926 publicou tres libros de impacto: *Vento mareiro*, cunha estética moderna e universal que “aggiornaba” a linguaxe poética galega; *Da terra asoballada*, poemario de denuncia e combate; e *Na noite estrelecida*, tres sagas sobre a busca do Grial onde Galicia era a patria do mundo artúrico.

Nos anos 50 embarcouse na resistencia cultural de Galaxia. A súa *Antifona da cantiga*, colección de cantigas populares con longa introdución en prosa poética, foi a primeira obra desa editorial.

En 1958 deu a lume o poemario descritivo *Samos* e coroárono en Padrón nun multitudinario acto en defensa da lingua e da cultura galegas.

OBRAS ESCOLLIDAS

Vento mareiro, 1951.

Na noite estrelecida, 1926.

Antifona da cantiga, 1951.

Samos, 1958.



Días das Letras Galegas 1976

ANTÓN VILLAR PONTE

(Viveiro, 1881- A Coruña, 1936)

Por Margarita Ledo Andión. Académica numeraria

Pardo de Cela, Prisciliano, Xoana de Vega, Xelmírez, Rosalía... son materiais diversos cos que pensa a nación igualitaria.

Da Mariña luguesa e o boletín *¡Guau, Guau!* até *A Habana* e *Alma Gallega*, Antón Villar Ponte observou o mundo para escoller a escrita xornalística como compromiso, o teatro como peza didáctica de momentos de gloria e de creba, a lingua galega como símbolo d'*A bandeira ergueita*. Da “Irmandade da Fala” en 1916 e a dirección d'*A Nosa Terra* a deputado polo Partido Galeguista en 1936, a fala é ese sinal que corcose a nosa existencia.

OBRAS ESCOLLIDAS

Nacionalismo gallego. Nuestra 'afirmación' regional, 1916.

O Mariscal, 1926 [en coautoría con Ramón Cabanillas].

Teatro galego: tríptico, 1928.

Os evanxeos da risa absoluta, 1934.



Días das Letras Galegas 1977

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

(Santiago de Compostela, 1837 – Vedra, 1910)

Por Pegerto Saavedra Fernández. Académico numerario electo

Autor dunha obra ampla e variada, na que se inclúen colaboracións na prensa, monografías de historia e novelas, o traballo de López Ferreiro estivo guiado polo propósito de estudar, dar a coñecer e defender o patrimonio histórico cultural de Galicia dende a posición ideolóxica dun tradicionalismo rexionalista moi comprometido coa singularidade do país. De feito, a razón principal que o levou a publicar tres novelas en galego foi a de normalizar e de restaurar a lingua, ata entón apenas empregada na prosa, e que el coñecía moi ben, tanto a do pasado, por ter consultado moitos documentos medievais, coma a do seu tempo, que aprendera a tatear, segundo el declara, no colo dos seus pais.

OBRAS ESCOLLIDAS

A Tecedeira de Bonaval, 1894.

O castelo de Pambre, 1895.

Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, 1898–1909.



Días das Letras Galegas 1978

MANUEL ANTONIO

(Rianxo, 1900 – Asados, Rianxo, 1930)

Por Xosé Luís Axeitos. Académico numerario

Manuel Antonio foi un escritor xeneroso e revolucionario porque por primeira vez na literatura galega foi quen de conquistar un territorio descoñecido, ignorado, e dárnolo en herdanza aos galegos. A conquista fíxoa valéndose da mellor arma que temos, o noso idioma. Como Amundsen, que poboou coa bandeira do seu país o polo Sur para facerlle un agasallo á súa nación independente, Manuel Antonio, enfermo de horizontes, adentrouse no ignoto para ensanchar a nosa Terra. Velaí a súa revolución, velaí a súa conquista, velaí o seu legado.

OBRAS ESCOLLIDAS

De catro a catro, 1928.

Poesía galega completa, 1992 [edición de X. L. Axeitos].

Obra completa. Prosa, 2012 [edición de X. L. Axeitos].



Días das Letras Galegas 1979

AFONSO X, O SABIO

(Toledo, 1221 – Sevilla, 1284)

Por David Mackenzie. Académico correspondente

Afonso foi rei de León-Castela dende 1252, e emprende un proxecto cultural que sería o máis importante da época medieval. Fixo compoñer leis, historias mundiais e de España, e traducir do árabe obras científicas –un total de máis de 3 millóns de palabras en castelán. Pero a lingua da poesía lírica na súa corte era o galego, e temos máis de 1500 cantigas, algunhas delas compostas polo mesmo rei. Dirixiu a composición, tamén en galego, dunha magnífica colección de 430 poemas dedicados á Virxe, as *Cantigas de Santa María*.

OBRAS ESCOLLIDAS

Cantigas d'escarnho e de mal dizer, 1995 [ed. M. Rodrigues Lapa].

Centre for The Study of. Cantigas de Santa María da Universidade de Oxford:

<http://csm.mml.ox.ac.uk/> [sitio web do Prof. Stephen Parkinson].



Días das Letras Galegas **1980**

VICENTE RISCO

(Ourense, 1884 – 1963)

Por John Rutherford. Académico de honra

Risco está considerado como o máximo teórico do nacionalismo galego. Pero as súas teorías teñen unhas bases insuficientes: rexeitamento da modernidade, esoterismo, irracionalismo, racismo. E así Risco mirou o nazismo e o franquismo con máis benevolencia da que merecían. O Risco que é importante na construción do país non é, pois, o pensador senón o narrador, o renovador da narrativa galega, o autor d’*O porco de pé*; o Risco que sabe combinar unha finísima retranca cunha feroz crítica social; o Risco que nos explica que a alta burguesía merca o *ABC* porque é de bo ton facelo e, ademais, ten moitas páxinas e nunha casa onde se come ben fai gran servizo.

OBRAS ESCOLLIDAS

Teoría do nacionalismo galego, 1920.

O porco de pé, 1928.

O Bufon d’el-rei: drama en catro pasos, 1928.

Mitteleuropa, 1934.



Días das Letras Galegas 1981

LUÍS AMADO CARBALLO

(Pontevedra, 1901- 1927)

Por Xoán Babarro González. Académico correspondente

AMOR: Porei o meu corazón pra que alume o teu vieiro.
Asomareime aos teus ollos para ollar o claro ceo.

MAR: O acordeón borracho fala inglés, alemán... No
carro das mouras nubes vén do sur o temporal.

ABRENTE: A campía aterecida abre os oliños mollados.
Na catedral do abrente hoxe casan os paxaros.

DESCONSOLO: Ai, amante, amante, cando voltarás?
Un triste cantar pendura nas ponlas daquel piñeiral.

OUTONO: Velo aí vai o sol, abuado, tristeiro... Naceu
entre as nubes o Outono frieiro.

Desde a estrela devanceira, mando estas miñas
lembranzas coa mansa néboa mareira.

O GALO PROEL.

OBRAS ESCOLLIDAS

Maliaxe, 1922.

Os probes de Deus, 1925.

Proel, 1927.

O galo, 1928.

451
PÁXINAS
DAS NOSAS
LETRAS



Días das Letras Galegas **1982**

MANUEL LEIRAS PULPEIRO

(Mondoñedo, 1854 – 1912)

Por Xosé Luís Regueira Fernández. Académico numerario electo

Manuel Leiras Pulpeiro naceu e viviu en Mondoñedo, onde era médico. Aínda sendo de clase acomodada, estivo sempre do lado dos labradores e dos pobres. Fíxoo como médico, preocupado polas condicións en que vivía a xente humilde. E como poeta dedicou a maior parte da súa obra a cantar os costumes, a vida e os sentimentos da xente da Mariña.

Leiras coñecía moi ben a lingua popular, moi rica en léxico e en xiros expresivos, e con ela soubo compoñer fermosos poemas. Ademais recolleu un extenso vocabulario, así como refráns e frases feitas. O amor pola Mariña e pola súa xente, sobre todo polos labradores, está presente en toda a vida e a obra deste home bo e xeneroso.

OBRAS ESCOLLIDAS

Cantares gallegos, 1911.

Obras completas, 1983 [edición de Xesús Alonso Montero].

Costumes antigos na Galiza, 1998 [edición de Ramón Reimunde].



Días das Letras Galegas 1983

ARMANDO COTARELO VALLEDOR

(Vegadeo, 1879 – Madrid, 1950)

Por Euloxio Rodríguez Ruibal. Académico numerario

Cotarelo Valledor foi escritor e profesor universitario. Integrouse nas Irmandades da Fala e desenvolveu un inxente labor cultural, ben nas aulas, ben na sociedade galega, publicando artigos, dando conferencias ou promovendo empresas socio-culturais. Elixírono primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos.

É autor, entre outras obras, de varios dramas (*Hostia*, *Trebón*, *Lubicán*, *Beiramar...*), e unha comedia (*Sinxebra*). Unha notoria fasquía realista e mais unha gran riqueza léxica resaltan cabo de personaxes verosímiles e unha mesta atmosfera; en especial no “lance dramático nun auto”, *Mourenza*, considerada como a peza mellor lograda do dramaturgo.

OBRAS ESCOLLIDAS

Lubicán, 1922.

Trebón. Farsada dramática en tres autos, 1923.

Hostia, 1926. *Teatro histórico e mariñeiro (Hostia, Beiramar, Mourenza)*, 1981

[ed. de Araceli Herrero Figueroa].



Días das Letras Galegas **1984**

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

(Moldes, Boborás, 1884 – Pontevedra, 1929)

Por Manuel Caamaño Suárez. Académico correspondente

Losada Diéguez, figura importante do nacionalismo galego, estudou e licenciouse en Filosofía e Letras e Dereito, gañando a oposición a cátedras de Instituto no 1918, para logo exercer a docencia en Ourense e Pontevedra.

Desenvolveu nesas cidades un activo proselitismo pola afirmación da personalidade diferenciada de Galicia, e logrou atraer para a causa a figuras como Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas ou Vicente Risco, formando parte con eles, e outros, das Irmandades da Fala, a revista *Nós* e o grupo cultural e aglutinador Xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos.

OBRAS ESCOLLIDAS

Losada Diéguez. Obra completa, 1985 [edición de Xusto G. Beramendi].



Días das Letras Galegas 1985

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

(Seivane, Abadín, 1909 – Santiago de Compostela, 1961)

Por Gonzalo Navaza. Académico correspondente

Aquilino Iglesia Alvariño pertence á constelación de poetas formados no Seminario de Mondoñedo (Noriega Varela, Crecente Vega, Díaz Castro...), cos cales comparte unha particular poética da paisaxe (o paisaxismo humanista ou neovirxilianismo) e a ansia de incorporación do léxico rural á linguaxe literaria, ademais da contención expresiva, o rigor formal e a pegada dos clásicos grecolatinos. A poesía do último Aquilino adquire unha marcada gravidade existencial, nunha temática presidida polo paso do tempo e a morte.

OBRAS ESCOLLIDAS

Señardá, 1930.

Corazón ao vento, 1933.

Cómaros verdes, 1947.

De día a día, 1960.

Lanza de soledá, 1961.

Nenias, 1961.



Días das Letras Galegas **1986**

FRANCISCA HERRERA GARRIDO

(A Coruña, 1869–1950)

Por Andrés Fernández-Albalat Lois. Académico numerario

Muller autodidacta, con máis cultura ca a habitual nas mulleres da súa clase e da súa época; mormente na literatura galega daqueles anos. Dende sempre, xa noviña, tíralle a poesía; aos doce anos le a Rosalía, que vén ser, dalgún xeito, a súa mestra. O seu temperamento sensible, a súa percepción poética, semella abrirse devagariño, como nun calmo e fermoso manantío, nos seus poemas. A temática da súa obra é Galicia, mellor dicir, as xentes campesiñas de Galicia, cun tipo de lírica ruralista, “na que describe, lamenta ou canta a vida, as miserias ou as diversións da xente do campo” (María Camiño).

OBRAS ESCOLLIDAS

Almas de muller... ¡Volallas n'à luz, 1913.

Sorrisas e bágoas, 1915.

Néveda, 1920.

Martes d'antroido, 1925.



Días das Letras Galegas **1987**

RAMÓN OTERO PEDRAYO

(Ourense, 1888 – 1976)

Por Ramón Villares Paz. Académico numerario

Membro da xeración Nós. Autor dunha copiosa obra literaria, na que tratou de recrear o devalo histórico das vellas castes agrarias e dos efectos que tivo no tecido social e cultural galego a chegada do liberalismo e da modernidade. A vida dos pazos e dos señores, dos frades exclaustrados e dos labregos, dos señoritos da cidade e dos “maragatos” e “cameranos” é o pano de fondo dos seus relatos. El foi o grande intérprete da sociedade rural galega moderna.

Otero tamén foi un político que militou no nacionalismo galego nos tempos da II República. Despois da guerra civil, a súa obra foi intensa pero máis silandeira, sen deixar de ser un guieiro intelectual e un referente ético, recoñecido como “patriarca” das Letras Galegas ata a súa morte.

OBRAS ESCOLLIDAS

Os camiños da vida, 1928.

Arredor de sí, 1930.

Ensaio histórico sobre a cultura galega, 1933.

Historia da Galiza, 1962.



Días das Letras Galegas **1988**

CELSE EMILIO FERREIRO

(Celanova 1912 – Vigo 1979)

Por Alba Nogueira. Académica correspondente

Tres dos poemas máis coñecidos de Celso Emilio Ferreiro simbolizan e resumen a súa obra. *A longa noite de pedra* – trasunto da ditadura – que deu nome ao seu libro máis coñecido; a lingua falada “porque sí, porque me gusta e (...) quero estar perto dos homes bos que sofren longo dunha historia contada noutra lingua”; a igualdade dos seres humanos que sendo “ti negro i eu branco, si temos semellantes as feridas como un irmau che falo”. Unha obra poética na que cantou á liberdade, á xustiza, aos oprimidos, á lingua. Loitas polas que tamén levou a cabo un intenso labor político desde a súa participación na xuventude na Federación de Mocidades ata a súa presentación como candidato a senador nas primeiras eleccións logo da ditadura franquista en 1977.

OBRAS ESCOLLIDAS

O soño sulagado, 1955.

Longa noite de pedra, 1962.

Viaxe ao país dos ananos, 1968.

Onde o mundo se chama Celanova, 1975.



Días das Letras Galegas 1989

LUÍS PIMENTEL

(Lugo, 1895– 1958)

Por Olivia Rodríguez González. Académica correspondente

Escribe sobre o pequeno e aparentemente insignificante, para revelarnos a profundidade que a realidade agocha. Empezou publicando poesía castelá e incorporouse axiña á tarefa colectiva da literatura galega da preguerra con *Barco sin luces*, finalmente editado en castelán en 1960. Deixou moitos versos inéditos e dous poemarios galegos dunha calidade artística extraordinaria. Contribuíu a dotar a poesía galega de modernidade, a través dos símbolos e a conexión coa pintura e a música. É poderosa a influencia que exerceu nos poetas do último terzo do século XX.

OBRAS ESCOLLIDAS

Triscos, 1950.

Sombra do aire na herba, 1959.

Barco sin luces, 1960.



Días das Letras Galegas 1990

ÁLVARO CUNQUEIRO

(Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981)

Por Manuel Rivas. Académico numerario

Constelación Cunqueiro.

O primeiro dos dereitos humanos é o dereito a soñar. E abofé que o exerceu. Álvaro Cunqueiro é o señor dos Soños. Moitos deles tomaron forma literaria e constitúen unha extraordinaria constelación. Para Cunqueiro, o ser humano asemellábase a unha illa de liberdade e melancolía. En poesía, teatro, narrativa, ou nese seu xornalismo que é da mellor madeira literaria, cada obra de Álvaro Cunqueiro é unha illa da máxima sutileza na que o primeiro camiño leva do real á marabilla. Na súa lápida reza a esperanza: “Eiqui xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”. Co lévedo da imaxinación, e con palabras galegas, a obra do autor de *Merlín e familia* refulxe na biblioteca do universal.

OBRAS ESCOLLIDAS

Poemas do si e non, 1933.

Merlín e familia i outras historias, 1955.

O incerto señor don Hamlet, Príncipe de Dinamarca, 1958.

Xente de aquí e de acolá, 1971.



Días das Letras Galegas 1991

FERMÍN BOUZA BREY

(Ponteareas, 1901- Santiago de Compostela, 1973)

Por Fernando Acuña Castroviejo. Académico correspondente

Fermín Bouza Brey foi un dos últimos grandes humanistas que viviron na Galicia do século XX. O seu campo de traballo abrangueu ámbitos tan dispares coma a prehistoria, arqueoloxía, epigrafía, numismática, etnografía, literatura, poesía e historia antiga e de época suéfica e en todos eles fixo achegas notables.

Fundador do Seminario de Estudos Galegos no ano 1923 sentou as bases, xunto a López Cuevillas, para unha renovación da arqueoloxía galega e, nos últimos anos da súa vida, formou un equipo de traballo cos mozos que empezaban daquela no eido da arqueoloxía aos que lles imbuíu o espírito do Seminario, e que continuarían os seus pasos.

OBRAS ESCOLLIDAS

Cabalgadas en Salnés, 1925.

Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza, 1929 [xunto con F. López Cuevillas].

Nao senlleira, 1933.

Seitura, 1955.



Días das Letras Galegas 1992

EDUARDO BLANCO AMOR

(Ourense, 1897 – Vigo, 1979)

Por Craig Patterson. Académico correspondente

Blanco Amor foi un dos mellores escritores na historia das letras galegas. Nos anos 20 comezou a publicar as súas primeiras obras literarias. Moitas das súas obras teñen como base a cidade ficticia de Auria, trasunto literario de Ourense. Entre esas, figura *A Esmorga* (1959), novela que sae sempre como a obra preferida dos galegos. O libro máis coñecido de Blanco Amor retrata o ser humano nunha sociedade máis represiva. Escrita en pleno franquismo, *A Esmorga* representa a sobrevivencia da lingua e da cultura galegas nesas circunstancias máis ca difíciles.

OBRAS ESCOLLIDAS

A Esmorga, 1959.

Os biosbardos, 1962.

Xente ao lonxe, 1972.

Farsas para títeres, 1973.



Días das Letras Galegas 1993

LUÍS SEOANE

(Buenos Aires, 1910 – A Coruña, 1979)

Por Xosé Fernández Ferreiro. Académico numerario

Luís Seoane foi un dos grandes persoeiros galegos do século XX. Blanco Amor dixo del que era un home do Renacemento. Pintor, gravador, debuxante, muralista, editor, xornalista, poeta, autor teatral. Galicia sería sempre o tema fundamental da súa extensa obra, tanto plástica como literaria. El e Díaz Pardo proxectaron un novo Sargadelos e crearon o Museo Carlos Maside e Edicións do Castro, empresas modélicas. Cómpre destacar os seus libros de poemas sobre a emigración e os ensaios sobre a arte galega.

OBRAS ESCOLLIDAS

Fardel d'eislado, 1952.

Na brétema, 1956.

As cicatrices, 1959.

A maior abundamento, 1972.



Días das Letras Galegas 1994

RAFAEL DIESTE

(Rianxo, 1899 – Santiago de Compostela, 1981)

Por Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Académico numerario

Xa novo, sentiu ansia de ler, de escribir e de reflexionar, converténdose nun anovador das nosas Letras e do noso pensar como coetáneo da Xeración do 25. Destacou no xornalismo, crítico e mesmo amigablemente polémico, na narrativa de contos, na dramaturxia, no ensaísmo derredor do ser das persoas e da comunidade. Tamén na difusión do seu saber como conferenciante. A súa obra destaca polo seu carácter dialogal, pola prosa selecta e profunda da realidade como fantasía. Representa a palabra escrita ou pronunciada cara á modernización da creatividade.

OBRAS ESCOLLIDAS

Dos arquivos do trasno, 1926.

A fiestra valdeira, 1927.

A vontade de estilo na fala popular, 1971.

Antre a terra e o ceo, 1981.



Días das Letras Galegas 1995

XESÚS FERRO COUSELO

(Valga, 1906 – Ourense, 1975)

Por Francisco Cidrás. Académico correspondente

Ferro Couselo foi un investigador dedicado ao estudo e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural de Galicia. Na súa procura dos alicerces da nosa identidade, interesouse polo galego e editou moitos documentos medievais escritos na nosa lingua, nos que estudaba a vida e a fala dos devanceiros.

Conxugou a investigación e a acción social a prol do país. Foi un dos fundadores das Mocidades do Partido Galeguista durante a República e despois, baixo o franquismo, participou na creación das principais institucións do galeguismo: a editorial Galaxia, a revista *Grial*, asociacións culturais... Foi un dos impulsores do 17 de maio como Día das Letras Galegas.

OBRAS ESCOLLIDAS

A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XII ao XVI, 1967.

“Como e por que os escribáns deixaron de empregar o galego”, 1958

[en Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo].



Días das Letras Galegas 1996

ÁNHEL FOLE

(Lugo, 1903 – 1986)

Por Luís Manuel García Mañá. Académico correspondente

Imprescindible Fole.

Malia cultivar outros xéneros, abonda coa obra narrativa para considerar a Ánxel Fole como un dos máis sobranceiros escritores galegos. Xunto a outros magníficos contadores de historias, como Cunqueiro, atopou nas terras luguesas o substrato necesario para alumar, con luz de seu, o impulso que Galaxia deu á literatura galega a mediados do pasado século.

Fole aproveitou o seu extraordinario coñecemento da antropoloxía e da xeografía sentimental do Incio, de Quiroga ou do Courel para incorporar á súa escrita técnicas baseadas na expresión e na tradición oral, constituíndose no cronista dunha etapa que esmorecía.

Esa contribución á arquitectura literaria galega valeulle ser nomeado numerario da Real Academia Galega en 1963.

OBRAS ESCOLLIDAS

Á lús do candil, 1953.

Terra brava, contos da solaina, 1955.

Contos da néboa, 1973.

Historias que ninguén cre, 1981.



Días das Letras Galegas 1997

MARTÍN CODAX, MENDIÑO E XOÁN DE CANGAS

(Século XIII)

Por Ramón Lorenzo Vázquez. Académico numerario

Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas son tres xograres do século XIII orixinarios da Ría de Vigo dos que só se conservan once cantigas de amigo, algunhas delas das máis logradas de toda a lírica trobadoresca. Son poemas postos en boca de muller, nos que unha igrexa está sempre presente como lugar de encontro dos namorados á beira do mar. Neles a moza pode atoparse soa nunha illa, cercada polas ondas, rogarlle á nai que a deixe ir verse co amigo ou dicirlle que o vai facer, queixarse ou chorar porque este non aparece, preguntarlles ás ondas se o viron ou por que tarda tanto ou ben pedirlle á irmá e ás namoradas que a acompañen para ve-las ondas do mar onde a espera o seu amor.



Días das Letras Galegas 1998

ROBERTO BLANCO TORRES

(Cuntis, 1891 – Entrimo, 1936)

Por Fernando López-Acuña López. Académico correspondente

Xornalista e poeta, é unha das figuras máis sobranceiras da prensa galega do seu tempo. Galeguista republicano de esquerdas (inicialmente agrarista), formouse como xornalista en Cuba. Ao seu regreso (1916) incorpórase ás Irmandades da Fala, colaborando, no noso idioma, na prensa galeguista monolingüe do país: *A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, *Nós...* Publicou un só libro de poesía, *Orballo da media noite* (1929), colectánea de carácter vangardista, de ton conceptual, filosófico e civil. O seu compromiso político será a causa do seu asasinato en 1936.

OBRAS ESCOLLIDAS

Orballo da media noite, 1929.

De esto y de lo otro, 1930.



Días das Letras Galegas 1999

MANUEL MURGUÍA

(Froxel, Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923)

Por Xosé R. Barreiro Fernández. Académico numerario

Cando Murguía e Rosalía retornan de Madrid a Galicia eran moi conscientes de que os agardaban tempos de privación e escurecemento, pero dominábaos un sentimento mesiánico e redentor.

Ao tempo que publicaba a *Historia de Galicia*, o *Diccionario de Escritores Gallegos*, ou *Los Precursores*, sentaba as bases da rexeneración cultural do país: fundando o rexionalismo (1886), a Real Academia Galega (1906), e elaborando a primeira teorización da galegitude, sentando as bases do feito diferencial galego. Foi o primeiro en atribuírle a Galicia a condición de nación. Por iso Galicia non o esquece e conserva a memoria daquel home pequeno de corpo pero xigante de espírito.

OBRAS ESCOLLIDAS

Los Precursores, 1886.

Galicia, 1888.

En Prosa, 1895.



Días das Letras Galegas **2000**

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

(San Clodio, Leiro, Ourense, 1864 – A Coruña, 1949)

Por Manuel González González. Académico numerario

Do Ribeiro de Avia, foi un dos fundadores da RAG, onde ocupou os cargos de secretario (1920-1926) e Presidente (1926-1934), membro das Irmandades da Fala, e un dos dez redactores no ano 1932 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Debémolles o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, a obra máis transcendental da historia da lexicografía galega, onde nos ofrece á parte do significado das palabras unha rica información sobre a cultura material e espiritual de Galicia.

A súa poesía expresa un fondo amor a Galicia, á súa paisaxe e ás súas xentes, e unha defensa da vida da aldea.

OBRAS ESCOLLIDAS

Foleras, 1894.

Raza e terra, 1922.

Oracións campesiñas, 1927.

Diccionario enciclopédico gallego-castellano, 1958–1961.



Días das Letras Galegas 2001

FREI MARTÍN SARMIENTO

(Vilafranca do Bierzo, 1695 – Madrid, 1772)

Por Héctor M. Silveiro Fernández. Académico correspondente

No Bierzo o Pai das Letras escoitou galego ao nacer. Logo criou-se en Pontevedra con el, aínda que viviu tempos escuros nos que se deixara de escribir. Sendo xa un frade erudito en Madrid, tras viaxar a Galicia, emprende un labor entregado ao estudo do seu Reino e da súa lingua. Sarmiento é memoria do pasado ao investigar a orixe do galego, conciencia do presente non deixándose abafar por un contexto castelanizante contrario ao idioma dos seus humildes compatriotas, e un proxecto de futuro (soña Galicia) como modelo precursor do Rexurdimento. Soños que chegan ao presente, a Galicia e ao Bierzo que hoxe estudan galego nas escolas, unha das súas demandas máis brillantes.

OBRAS ESCOLLIDAS

Colección de voces y frases gallegas, 1970 [edición de J. L. Pensado].

Coloquio de vintecatros galegos rústicos, 1995 [edición de R. Mariño Paz].



Días das Letras Galegas **2002**

AVILÉS DE TARAMANCOS

(Taramancos, Noia, 1935 – A Coruña, 1992)

Por M^a Dolores Sánchez Palomino. Académica correspondente

Xose Antón Avilés Vinagre, coñecido como Avilés de Taramancos tras adoptar o nome da aldea en que nacera, é un autor fundamental na poesía galega contemporánea. Adoita incluírse na Xeración dos 50, aínda que, tras a etapa colombiana de exilio-emigración, estivo moi próximo ao grupo poético dos 80. Entre os temas da súa poesía figuran o amor, a busca da luz e a saudade, primeiro de Galicia e despois da terra americana, que se relaciona co intento de recuperación do paraíso perdido. A unión íntima coa natureza da infancia é unha fonte importante de creatividade. Outros trazos que podemos atopar son o ton épico, a musicalidade e a tendencia ao mito.

OBRAS ESCOLLIDAS

O tempo no espello, 1982.

Cantos caucanos, 1985.

As torres no ar, 1989.

Última fuxida a Harar, 1992.



Días das Letras Galegas **2003**

XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

(Ourense, 1907 – Lobeira, 1989)

Por Xosé Manuel González Reboredo. Académico correspondente

Don Xaquín foi profesor, arqueólogo e etnógrafo. A súa vocación naceu de mociño, na casa familiar de Lobeira, onde se interesou polo carro de bois e fixo unha maqueta que logo puido ensinarlle ao que sería o seu mentor, Florentino L. Cuevillas. Seguidor dos membros da Xeración Nós, pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos e colaborou co Museo Provincial de Ourense. Tamén participou na creación do Museo do Pobo Galego. Home fiel aos seus mestres Cuevillas, Risco e Otero Pedrayo, a súa máis importante obra é *Etnografía. Cultura material* (Buenos Aires, 1962).

OBRAS ESCOLLIDAS

A arte popular nos xugos de Galicia, 1935.

Parroquia de Velle, 1936 [en colaboración con Florentino López Cuevillas e Vicente Fernández Hermida].

“Etnografía. Cultura material”, 1962 [en Historia de Galiza, dir. Otero Pedrayo].

Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Ourense, 1968 [en colaboración con Álvaro D’Ors e Fermín Bouza-Brey].



Días das Letras Galegas **2004**

LORENZO VARELA

(A Habana, 1916- Madrid, 1978)

Por Fausto Galdo. Académico correspondente

Inscrito na Habana, reside na Arxentina. Fai o bacharelato en Lugo, onde funda as mocidades galeguistas con Ánxel Fole e Ramón Piñeiro. Deixa Galicia sen facer aínda os 20 anos a facer a guerra, é soldado e comisario político naquela inútil guerra. Publica poemas en *El Mono Azul*.

Derrotado, percorre campos de refuxiados de Francia, logo México, Arxentina e Uruguai.

Conferenciante, poeta, editor, crítico, tradutor e articulista. Restan follas esnaquizadas en xornais e radios.

Volve 40 anos despois e non atopa a Terra soñada. Vive entre Madrid e Sargadelos. Viaxa a Checoslovaquia e non ve o comunismo soñado. Descoñecido, rota a ilusión, a realidade está afastada do seu pensar.

OBRAS ESCOLLIDAS

Torres de amor, 1942.

Catro poemas para catro grabados, 1944.

Lonxe, 1954.



Días das Letras Galegas **2005**

MANUEL LUGRÍS FREIRE

(Sada, 1863 – A Coruña, 1940)

Por Xesús Ferro Ruibal. Académico numerario

Manuel Lugrís Freire emigrado a Cuba axudou a crea-lo primeiro xornal en galego de América (*A Gaita Gallega*). De volta á Coruña formou parte da Cova Céltiga, da Liga Gallega, da Academia Galega, das Irmandades da Fala. Escribiu relatos; escribiu e representou teatro en galego; ensinou galego e redactou unha *Gramática do idioma galego*. Redactou a primeira acta en galego da época moderna. Creou un sindicato e publicou *Versos de loita*. Foi o primeiro en utiliza-lo galego nun mítin (Betanzos, 6.10.1907). Impulsou o monumento en Carral ós Mártires de 1846 e na Coruña a Curros Enríquez. Membro do Seminario de Estudos Galegos, foi un dos redactores do Estatuto de Autonomía de 1936.

OBRAS ESCOLLIDAS

A gaita gallega, 1885.

Minia: drama n-un acto en prosa, 1904.

Contos de Asieumedre, (1908 – 1909).

O pazo: comedia en dous actos, en prosa, 1916.



Días das Letras Galegas **2006**

MARÍA MARIÑO

(Noia, 1907 – O Courel, 1967)

Por Rosario Álvarez Blanco. Académica numeraria

María Mariño Carou naceu na beiramar e morreu nos altos cumes do Courel. De familia humilde, deixou moi cedo a escola, pero disque foi unha rapaza afeccionada á lectura.

Non escribe ata os 50 anos, mais deixou dous poemarios en galego: *Palabra no tempo*, que contén sobre todo evocacións e vivencias, e *Verba que comeza*, escrito cando está doente e presente a morte. A nostalxia do mar, a infancia noiesa, a natureza da montaña, o discorrer do tempo, os camiños e o curso da vida... son os seus temas preferidos.

Dise dela que foi «dinamiteira da fala», pois ten un estilo que, como dixo Uxío Novoneyra, “preme, rompe, comba, bate a sintaxe tradicional”.

OBRAS ESCOLLIDAS

Palabra no tempo, 1963.

Verba que comeza, 1990 [estudo por Carmen Blanco].

Más allá del tiempo. O libro inédito de 1965, 2007, [edición de Helena González].



Días das Letras Galegas **2007**

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

(Tui, 1915 – Vigo, 1985)

Por Darío Xohán Cabana Yanes. Académico numerario

Xosé M^a Álvarez Blázquez foi un dos mellores poetas do seu tempo, e hoxe séguense lendo os seus libros *Roseira do teu mencer*, que son poemas infantís, e *Canle segredo*. Pero ademais foi un bo narrador, e sobre todo un grande erudito que publicou importantes antoloxías de poesía galega e moitos estudos sobre historia e literatura.

E como editor fixo unha importantísima contribución á nosa cultura. A partir de 1968, coas *Edicións Castrelos*, revolucionou o mercado do libro galego: as súas coleccións *O Moucho e Pombal* acadaron tiraxes enormes que popularizaron as nosas letras dun xeito ata daquela descoñecido.

OBRAS ESCOLLIDAS

Roseira do teu mencer, 1950.

Cancioneiro de Monfero, 1953.

Escolma de poesía galega, I e II, 1952 e 1959.

Canle segredo, 1976.



Días das Letras Galegas **2008**

RAMÓN PIÑEIRO

(Láncara, 1915 – Santiago de Compostela, 1990)

Por Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Académico numerario

Ramón Piñeiro foi un dos principais organizadores do galeguismo despois da Guerra Civil, actividade pola que foi preso por tres anos. Defendeu, nos tempos do franquismo, que a loita cultural era a única maneira posible de reafirmar e promover a identidade galega. Consonte ese ideario foi un dos fundadores da Editorial Galaxia.

Aínda que non realizou moitas publicacións, a súa actividade de defensa da cultura galega (nos primeiros tempos na clandestinidade) foi fundamental para que o seu ideario prendera en moitos homes novos, que na xeración seguinte serían os protagonistas do importante desenvolvemento que acadaría despois a literatura, a historia e outros campos do saber, en galego.

OBRAS ESCOLLIDAS

Olladas no futuro, 1974.

Lembrando a Castelao, 1975.

Filosofía da saudade, 1984.



Días das Letras Galegas **2009**

UXÍO NOVONEYRA

(Parada, O Courel, 1930 – Santiago de Compostela, 1999)

Por Augusto Pérez Alberti. Académico correspondente

Uxío Novoneyra adoita ser relacionado coa Serra do Courel, porén, a súa poesía traspasa os cumes courelaos e asóciase con outros moitos lugares nos que está presente a loita pola supervivencia das mulleres e dos homes, nun medio duro, no que mandan os tempos e os ritmos da natureza.

Lendo a súa poesía, calquera pode achegarse ás paisaxes do Courel mais tamén ás súas xentes, porque foi quen de transmitir como era a vida nunha serra galega nos anos cincuenta do século pasado. ao tempo que describía as sensacións, os sentimentos, as paisaxes ou os sons en íntima relación coa terra.

OBRAS ESCOLLIDAS

Os eidos, 1955.

Elexías do Courel, 1966.

Poemas caligráficos, 1979.

Muller pra lonxe, 1986.



Días das Letras Galegas 2010

LOIS PEREIRO

(Monforte de Lemos, 1958 – A Coruña, 1996)

Por Xulio Ríos. Académico correspondente

A poesía e a obra de Pereiro é vitalista e rebelde, reivindicativa das periferias conscientes que amosan orgullosas a súa autenticidade fronte ás uniformidades imperantes. A súa é unha liberdade amada, vivida a conciencia e, sabedor dos seus límites, reivindicada con esperanza. Estamos ante unha voz diferente, innovadora, cun compromiso medular anti-oligárquico calquera que sexa a súa expresión. Paga ben a pena explorar ese seu universo que a todos nos fai máis universais, un dique contra o dominio disfrazado de normalidade.

Non nos deixará indiferentes.

OBRAS ESCOLLIDAS

Poemas 1981/1991, 1992.

Poesía última de amor e enfermidade, 1995.

Poemas para unha loía, 1997.

Obra poética completa, 2011.



Días das Letras Galegas 2011

VALENTÍN PAZ ANDRADE

(Lérez, 1898 – Vigo, 1987)

Por Bernardino Graña Villar. Académico numerario

Avogado, xornalista, político, empresario e poeta, queda orfo de nai aos oito anos; o seu tío, Xoán Bautista Andrade, poeta e xornalista, contáxialle o amor ás letras e a Galicia, pero o seu verdadeiro mestre é Castelao. En 1917 cursa Dereito na Universidade compostelá, que remata brillantemente en 1921. Traballa como avogado pero inmediatamente vese como soldado en África, e ao mesmo tempo, en Tetuán e Xauen xa é xornalista de guerra. Como director do diario *Galicia* tropeza coa ditadura de Primo de Rivera, que quería obediencia militar, polo que sofre prisión de 15 días por un par de artigos nos que defendía o ferrocarril desde Vigo á fronteira francesa. No 1926 propugna a idea de Vigo como gran porto pesqueiro e vai á Bretaña francesa para asesorarse. Paz Andrade está co mar, cos peixes, cos mariñeiros.

OBRAS ESCOLLIDAS

Galicia como tarefa, 1959.

Pranto Matricial, 1955.

Sementeira do Vento, 1968.

Castelao na luz e na sombra, 1982.



Días das Letras Galegas 2012

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

(Santiago de Compostela, 1950-2002)

Por Margarita Ledo Andión. Académica numeraria

Autor e organizador teatral con múltiples rexistros tanto na escrita literaria como na posta en escena –do monólogo en tempo presente e nun espazo nu, *Sen ir máis lonxe*, ao espectáculo de rúa con ecos das nosas máis antergas expresións comunais– o Teatro como marca-nación, de Aquí, é tamén un modo de construír o vinculo entre a creación maila necesidade de desenvolver con continuidade e dignidade o traballo de teatreiro para que forme parte dun proxecto cultural xeral. O cine, os devanceiros, o que acontece ao seu redor, a idea liberadora, a derrota... este rapaz do barrio popular de Vista Alegre, onde está a praciña Saxo Tenor, deveu en símbolo contemporáneo do teatro en lingua galega.

OBRAS ESCOLLIDAS

Laudamuco señor de ningures, 1976.

Agasallo de sombras, 1984.

Días sen Gloria, 1993.

Criaturas, 2000.



Días das Letras Galegas 2013

